

DÍA 3

BO DÍA NENOS E NENAS DE EDUCACIÓN INFANTIL,

HOXE PROPÓÑOVOS UN XOGO DE ADIVIÑAS CO VOCABULARIO QUE, AO LONGO DESTE TRIMESTRE, APRENDEMOS DOS ANIMAIS.

TRÁTASE DE QUE CADA UN DOS XOGADORES DEBUXE UN ANIMAL E ESCRIBA O NOME DESTE. DESEGUIDO, UN DOS XOGADORES SERÁ O ENCARGADO DE RESPONDER AS PREGUNTAS QUE LLE VAIAN FACENDO OS COMPAÑEIROS ATA QUE ADIVIÑEN QUE ANIMAL DEBUXOU.

ESTAS PREGUNTAS SO SE PODEN RESPONDER CON “SI” OU “NON” E SERÁN DO TIPO:

- É DOMÉTISCO?
- É SALVAXE?
- É VERTEBRADO?
- É INVERTEBRADO?
- É UN MAMÍFERO?
- É UN RÉPTIL?
- É UN ANFIBIO?
- É UN MOLUSCO?
- É CARNÍVORO?
- É HERBÍVORO?
- É OMNÍVORO?
- É OVÍPARO?
- É VIVÍPARO?
- E TODAS AS QUE SE VOS VAIAN OCORRENDO...

ACONSÉLLOVOS QUE DEBUXEDES CADA ANIMAL NUN PAPELIÑO, POIS PROPÓÑOVOS TAMÉN UN XOGO DE PISTAS.

ASÍ PODEDES AGOCHAR CADA UN DOS PAPELIÑOS EN DISTINTAS PARTES DAS VOSAS CASAS E INTENTAR ATÓPALOS DANDO PISTAS CON CONCEPTOS DE LUGAR:

- DIANTE—DETRÁS
- DENTRO—FÓRA
- ESQUERDA—DEREITA
- ENCIMA—DEBAIXO
- PRETO—LONXE

E, POR ÚLTIMO, DICIRVOS QUE ESTIVEN FALANDO CO VOSO AMIGO MONKEY E CONTOUME QUE ESTABADES APRENDENDO AS PARTES DO CORPO EN INGLÉS.

HOXE, COMO CADA MÉRCORES, TERIADES CLASE COA PROFE IRENE. SE PICADES NO APARTADO DE ACTIVIDADES DE INGLÉS TEREDES MÁIS INFORMACIÓN.

UNHA APERTA ENORME, DESDE A DISTANCIA, AMIGOS,

DEICA MAÑÁ,

